

Pregón de 1980

~~Sixto~~?

1

Antes de nada quero expresar o meu agradecemento ás autoridades e Comisión de Festas que tiveron a xentileza de fixarse en mín pra que, este ano, faga o Pregón das tradicionais festas do San Ramón.

Veño ~~eu~~ suceder aquí a ilustres personaxes que, en ocasións pasadas, me precederon no uso da palabra e, lóxicamente, non sei si saberei estar a altura das circunstancias. Eu, son un home ~~acostumado~~ ^{afecto} a dar clases, a escribir e tamén a dar algunha conferencia, pero un pregón é algo moi distinto. Penso que ten ^{de} ~~que~~ ser un anuncio de festa ao tempo que un recordatorio das mulleres e dos homes desta Terra Cha e dos feitos ^{que aquí suceden} xunto con outras moitas cousas das que despois poderemos falar.

Por outra banda, chego aquí, ^{din} ~~diante~~ vos, a unha terra moi distinta das que eu frecuento: Santiago, a Ulla ou ben o Morrazo. Pero Villalba e, con ela, a Terra Cha son algo diferente como moi ben superon ver xeógrafos e poetas que, tanto nos seus estudos, como nos seus versos, describen á perfección o que é todo isto.

Como decía Otero Pedrayo "O valor e ledicia da Terra Cha repousa no ser berce do Miño, cuíes fontes aparentes non deitan en abas de serra nin botan costa abaixo rachadoras augas.

Verdes rexos, ás veces craros, das herbas priguizosas, vexetan podente en copres e feitureas de montana escolleita pola inverniá, lamas, lameiros, lamestras, en tempos estesas e recheas, noutras sazóns esmaltados polo vivir xubilosamente fisiolóxico das especies pratenses. Abondo de espacio, larganzas comunás, estratexia contra a auga e, ó tempo, sociedade con ela. Os castiñeiros de roda; algúns fatos de carballos, sobre todo os abedoeiros e os salgueiros, amigos das augas, forman rodales e cortinas, e suas figuras sinxelas e suas ordenacións claras refrexan ben a luz gris-seira, embazada, dos crebados e lameirentos eidos e montes baixos.

O veciño das bocarribeiras en estaxes ricamente asoellados, os dos vales de mestos polos e quentes ambientes criadores de vides e resoantes de outos milleiros, teñen por probos dos montes, dos ermos, das agras raras, ista Terra Cha que, pola sinxeleza e arcaísmo das formas, ten un xénero de beleza silente, rexamente homilde, petrucia e nena."

Por outra banda, os poetas fan as súas descripcións a través dos versos chegando a expresar en moi poucas liñas todo o que é esta Terra:

A Terra Chá somentes é:
un poyo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte reso,
un ceio chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

según escribió ~~hai~~ tempo Manuel María.

Terra polo tanto distinta pero, nembargantes, terra galega que, a pesares das diferencias con outras, hai un algo inconfundíbel que fai que sepamos que estamos en Galicia, no noso País. Por eso, aínda que non estiven en moitas ocasións por esta zona, non me sinto un estrano nela porque a xente, a lingua e a historia son algo común. Como é común a existencia de romerías que reúnen nun día sinalado a xentes vidas de toda a comarca e aquí, na Terra Cha, temos sin duda unha das mais famosas, a romería dos Milagros de Saavedra que o 24 de maio xunta arredor da eirexa, ~~onde~~ onde están enterrados Roi González de Rivedeneira e a súa dona Violante de Losada, a ~~90166~~ milleiros de romeros.

E chegado ~~até~~ aquí e, xa que hoxe é un día de festa, penso que non hai nada mellor que lembrar un pouco a historia desta terra, que imaxinar que hoxe están con nos todos nosos antepasados.

Supoño, que vos acordades de "Alba de Groria" do inesquecible Castela, ese magnífico mensaxe para o día grande de Galicia no 25 de xullo, no que todo arde en festas e no que aparecen unha Santa Compañía de inmortal galegos dende Prisciliano até Otero Pedrayo. Hoxe aquí, non é o día grande de Galicia pero si é o día grande de Villalba e da Terra Cha, e, polo mesmo, tamén é un dos días galegos sinalados. Por eso imos tentar facer algo semellante, imos procurar que nos acompañen neste momento. Por uns minutos abramos o noso espírito á inexistencia, etc.

E si tiveramos que comenzar con alguen e fariamo^{l8} con aquelas xentes que hai 10.000 ou 9.000 anos utilizaban uns ~~abrigos~~^{alcobexos} rocosos como refuxio, xentes que traballaban o sílex e que se adicaban á caza como principal ocupación e que, precisamente aquí, en Santa Baia, Lousada e Labrada foi onde por primeira vez se localizaron.

Pero xunto a eles virían ^{tamen} á festa aqueles grandes constructores de ~~en~~ ~~terramentos~~ ^{Panteóns}, os que fixeron as ^{medoñas} ~~medoñas~~ ou as modias, das que abundantes exemplos enchén esta Terra Cha: A Roza das Modias en San Xoán de Alba, San Simón da Costa, Santa Baia, Roupar e tantos outros.

E despois virían aqueles mouros dos que a fala popular di que fixeron os castros. Xentes que andiveron por Cazás, Codesido, Goiriz, Trastoi, Lanzós, Pancobade, etc., e que eran guerreiros aínda que hoxe deixarían a súa espada e o seu escudo para ^{nos} ~~acompañarnos~~ neste día.

E tras eles, os romenos, que entre outras cousas, nos deixaron a nai do noso idioma.

^{Ad} ~~Achegáanse~~ ^{Vetras} Despois moitos homes e mulleres da época medieval, dos tempos en que Amor Meilán decía que a comarca de Villalba era a que mais parecía evocar "Caballerescas empresas y románticas aventuras", donde estaba viva a memoria dos Andrades, dos Lanzós e dos ^{PARDOS} ~~Pardos~~, e donde os montes de Parga, Ouzá, Labrada e A Loba xunto cos chans da Ladra e ^{Buenorde} ~~Buenorde~~ presenciaron as loitas fratricidas. Estarían aquí, por tanto, os nobres e os cabaleiros, os homes de a pe e todo o pobo, ^{tódolos} os que fixeron ^{este} castelo que ven ~~a~~ sere o símbolo da vila.

E as xentes que viviron nesta Terra Chá até o século XX tamén estarían gustosas participando nesta festa, pero pouco sabemos delas, agás as suas loitas contra os franceses e a súa participación nas guerras carlistas.

E de moito mais perto de nós, no tempo, chegarían ao San Ramón, o político Manuel Vázquez de Parga e un numeroso grupo que teñen como denominador común a poesía. Uns pertencen á escola poética da Terra Chá: Noriega Varela, Crecente Vega e Aquilino Iglesia Alvariño, por exemplo, caracterizados, como indicara Manuel María, polo seu virxilianismo, o seu clasicismo e o seu gusto polo idioma.

Outros son os propios poetas villalbeses cultivadores da poesía relixiosa e da poesía de costumes: Xosé M^a Chao Ledo, Manuel Mato Vizoso, Antonio García Hermida, Carmiña Prieto Rouco e Xosé Luis García Mato son as figuras principais ás que seguirían poetas mais recentes pero afortunadamente aínda vivos e aos que non me referiréi.

Esta enorme vitalidade literaria villalbesea tivo un reflexo claro no ámbito periodístico. Como recolléu non hai moito García Mato, existiron nesta vila un total de 20 publicacións periódicas nas que moitos dos anteriormente citados viron aparecer os seus traballos.

Pero chegado a este punto, non se horta en falla a presenza de moita xente nesta xuntanza imaxinaria?

Son, en primeiro lugar, os emigrantes a quen as condicións de traballo na súa propia terra nai fixeron que tiveran ^{de} que partir lonxe dela agardando con ansiedade o día no que poidan retornar, ~~a ela~~. Son tamén aquelas "animas sán nome", como decía Castela, que foran as que crearon "o idioma ^{que} en vos estou falando, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos usos e costumbres i en fin, o feito diferencial de Galicia".

Son as xentes que en Bonxe fan as olas que utilizaremos despois nas nosas casas; son as xentes que fan os queixos de San Simón, de tanta sona e tan apreciados por vosos paisanos e polas xentes vidas de fora que, aquí, en Villalba, sempre fan unha escala no seu viaxe para adquirir algunha peza. Por que non hai que esquecer que Villalba é un centro e nudo de comunicacións, non solo da Terra Cha, senon tamén de outras áreas xeográficas: Pensemos nas numerosas carreteras que se cruzan nesta vila. Todo isto fixo ~~que~~ e fai que Villalba fora medrando co paso do tempo até chegar ao que é hoxe, é dicir, unha vila de parada obligatoria.

E volvendo atrás, dentro das xentes anónimas das que faláramos antes, tamén hai que citar aos zoqueiros ^{que foron aquelas chinelas} e aos que teban os capóns para que no Nadal todos poidamos ter na mesa un manxar exquisito, e a tantos labregos ^{co} seu esforzo e traballo fan posíbel quitarlle produtividade á terra.

Agora ben, chegados a este punto no que xa estamos todos reunidos, ben sexa real ou ben dun xeito imaxinario, non podemos deixar isto e irmos sin mais a disfrutar da festa. Temos que mirar ao presente e ao futuro e pensar no por qué esté aquí tanta xente que veu dende os mais remotos tempos dende a prehistoria da Terra Chá até hoxe. E eu supoño que veñen á festa pra decirmos algo, para enseñarnos un pouco do que eles adeprenderon no correr da historia e darnos algunhas solucións para seguir vivindo nesta hora.

E eles nos poderían ~~decir~~ falar do que pasou ao longo dos tempos, dos seus problemas e sufrimentos o mesmo que tódalas personas anónimas ás que antes me referín. Eles nos dirían que hai que loitar pola nosa terra para

M. Risto Vizoso: X. A. Pardo Mosquera
X. M. Chaleiro: D. Xosé Calarín, Refe. Vill. 2a
M. X. L. Carro Cosada
onde se foga M. Xosé Placer

conseguir que no futuro sexa un lugar ~~bo~~ ^{bo} que sexa posíbel o traballo e a vida. Eles nos dirían moitas cousas mais. E nos?

Indudabelmente todos temos que loitar por conseguir para noso país unhas condicións de vida axeitadas aos tempos actuais e unhas posibilidades de participación e decisión nos órganos de goberno que nos permitan ser donos do noso propio destino.

E neste intre no que xunto á inauguración das festas do San Ramón participamos na entrega de premios do VI Certamen Literario do Excmo. Axuntamento, penso que é unha boa ocasión para agradecer estas convocatorias para premiar traballos de historia e de poesía que, ademais, levan o nome de personas que tanto significaron na vida de Villalba e da Terra Cha. Seis anos dunha convocatoria xa quere decir unha consolidación ^{unha raíz} o que debería servir de estímulo para outros concellos. Porque, miñas donas e meus señores, como decía aquel gran galego que foi Fermín Bouza Brey

É por unha cultura que se loita

Por unha lingua en frór que se combate

Por ter o espírito ceibe é a nosa coita

Que ha ter o seu remate

Esto é unha tarefa común na que temos que participar todos, na que temos que loitar todos, cadaquen no seu campo, até conseguir que a Terra Cha e Galicia señan o que sempre soñaron os nosos devanceiros, é decir, unha terra que seña dona do seu propio ^{proprio} ~~Porvir~~ e na que todos podamos sentirnos fillos dunha Nai á que lle dimos o mellor do noso traballo e das nosas vidas e que nunca poida decir que ún non é merecente de chamarse o seu fillo.

E pouco mais. Non quero alargar-me demasiado e, para remate, penso que non estaría de mais, dado que estamos en terra de poetas, recordar aqueles versos do gran poeta local Antonio García Hermida cando decía

Non te durmas, ouh, non, miña terra;

ponte en pé pra mirar cara a cara

ós que pensan que sempre te han vere

afrixida, tristeira, aldrexada...

Eu non quero, pra ben defenderte,

eu non quero pra min outras armas

que istas cordas de ferro da lira

que poiden, Galicia,

trocarse en espadas.

6
fexerun *do esforzo católico*

E xa remato. Miña rainha, miñas donas e meus señores, imos a disfrutar das festas, imos pasar uns días ledizosos e ao remate pónámonos de novo a traballar polo noso futuro. Galicia merece todo o noso esforzo.

Moitas gracias. Dixerun.

polo mesmo, tamén é un dos días galegos sinalados. Por eso imos tentar facer algo semellante, imos procurar que nos acompañen neste momento. Por uns minutos ~~sexamos imaxinarios~~ *abramos o noso espírito á transcendencia.*

E si tiveramos que comenzer con alguen ~~e~~ *abramos* ^{*alcobexos*} ~~abrimos~~ con aquelas xentes que hai 10.000 ou 9.000 anos utilizaban uns ~~abrigos~~ ^{*alcobexos*} rocosos como refuxio, xentes que traballaban o sílex e que se dedicaban á caza como principal ocupación e que, precisamente aquí, en Santa Baia, Lousada e Labrada foi onde por primeira vez se localizaron.